

Rebuscando na memoria (II): seres imaxinarios infantís

Texto: Xaime Iglesias González. Ilustracións: Montse Castro Poceiro

Non me vou referir ao amplo mundo das crenzas populares infantís e moito menos facer análises ou interpretacións nin establecer relacións entre uns e outros seres desta caste. É obvio que carezo de coñecementos para iso. Só tento falar daqueles seres imaxinarios, ou non tan imaxinarios, que coñecín na infancia e que me produciron medo e inquedanza uns, alegría e complicidade outros, non faltando os que amosaban astucia, indiferenza ou cachaza. A súa lembranza ten certo aire de morriña, pois a modernidade fainos innecesarios. Pero, se cadra, o mundo fantástico e imaxinario fornece aínda hoxe o noso substrato cultural.

Os cocos infantís

Os cocos son criaturas fantásticas cuxa principal característica é a de asustar os nenos. É unha denominación moi estendida por terras portuguesas e hispanoamericanas, aínda que personaxes semellantes tamén pululan polo centro e norte de Europa, obviamente, con outros nomes. Dos meus recordos infantís traio agora aquí cinco exemplares.

O **chupasangues** era claramente un vampiro. Tratábase dun home, se cadra un morto saído da tumba, que tentaba chupar o sangue aos nenos e nenas que atopase nas escuras tardes de inverno, pois disque era nesta estación do ano cando máis actuaba, esperándonos nun recanto calquera do camiño, cando viñamos da escola ou doutro lugar, en dirección á casa. Teño pensado moitas veces que o chupasangues era unha argallada dos maiores para que as crianzas andásemos lixeiras e non enredásemos cos amigos nos camiños e corredoiras.

O **home do saco** substituíu ao chupasangues durante o verán. Agachábase no medio das fincas de millo onde, ou desde onde, facía as súas falcatruadas. Tense dito que se trataba dun ser alto e forte, pero eu imaxinábaos de baixa estatura, senón había verse nalgún momento sobresaíndo por riba dos pés de millo e, daquela, escaparíamos del sen que puidese facernos dano. Nunca o vin, pero pensaba que había andar todo esfarrapado e, obviamente cun saco ao lombo. Para que era o saco? Pois sería para gardar os nenos que roubaba para facerlles dano, aínda que nunca se concretaba cal era ese dano. A min non me debía parecer moi grande o mal que podía facer o home do

saco porque nunca me impediu andar polo medio do millo para ir ás uvas temperás ou aos amorodos silvestres que había debaixo da viña do veciño. E facíao, case sempre pola tarde, despois de me erguer silenciosamente da cama onde deixaba a miña nai, a pesar de que era ela a que pretendía que eu botase a sesta.



O **sacauntos**. Este malvado ser prefería as rapazas para abrírlles o ventre e sacarlles o unto que despois levaba a vender. Algúns maiores dicían que era un boticario vello que utilizaba o unto das nenas e mozas virxes para facer na botica unturas e outros remedios. Un día que estabamos xogando no Cruceiro de Casal Novo, chegou Manolo o Barato coa noticia de que o sacauntos andaba polas fincas de detrás do Montiño e por Antas. Aínda que pensabamos que este ser atacaba maiormente as nenas, marchamos correndo para as nosas casas, por se acaso.

O **coco**. Tratábase dun ser de características indefinidas. Era coma un xenérico que podía abranguer a todos os

malignos seres imaxinarios da infancia. Disque as persoas maiores non crían no coco, pero a min parecíame que gozaban facéndonolo crer aos cativos e cativas. Se cadra, ese escepticismo só era aparente, porque, daquela, entre os maiores había moitas crenzas supersticiosas e, quen nos di que non habían crer no coco? Os pequenos, se queriamos asustar a outro neno no medio da escuridade, botabamos a correr e diciámoslle:

- Aí vén o coco!

O neno asustado corría detrás nosa e na maioría dos casos remataba chorando de medo.

O cocón era outro deses seres malévolos. Eu imaxinábaos como o máis grande de todos os cocos, aínda que non sabía como eran estes. Supoñía que debería ter maior capacidade para amedrentar. Pero, a pesar disto, na miña infancia utilizabamos esta palabra para cualificar despectivamente nenos e nenas pouco sociables, ariscos e difíciles de tratar. Máis tarde souben que nalgún lugares utilizábase o cocón para facer durmir as crianzas como di a seguinte cantiga:

Durme meniño
que vén o cocón
Vai levar o neno
se non dorme, non.

Seres imaxinarios do alén?



Póñolle unha interrogación porque, se cadra, os seres aos que me vou referir tamén eran do aquí. Desde logo, asegúrabasenos aos nenos e nenas que andaban entre nós e que podían facernos dano. Outra vez o desexo de controlarnos utilizando o medo xa dende pequenos.

O demo negro. O demo negro debía ser o demo máis malfeitor de todos os demos. Pensaba eu que había estar sempre carrexando almas para o inferno. Daquela, debía andar polo mundo provocando a morte dos humanos mediante sustos que metía aos pecadores só polo seu terrible aspecto. Ninguén soubo explicarme como era esa arrepiante fasquía e, como nunca o vin, quedei coas ganas de saber como era realmente. Pero, máis que o propio demo negro, sempre me tivo desconcertado que esa expresión se lle aplicase a nenos e nenas revirados, de mal xenio e indómitos, cando estes, por moitas maldades que lles atribuísen, non provocaban a morte de ninguén nin levaban almas para o inferno.

As ánimas. As ánimas eran almas que estaban no outro mundo, pero que, de cando en vez, podían volver á terra, especialmente as do purgatorio. Viñan a pedir axuda para saír do purgatorio ou para agradecer os rezos que se lles fixeran para conseguir o ceo. Non tiñan corpo, só aparencia. Podían presentarse de moitas formas. Con respecto de pantasma cubertas cunha saba branca, envoltas en luces de cores, en forma de bolboreta ou de calquera outro animal e mesmo podían manifestarse como o un simple ruído máis ou menos suave. Tal foi o caso que contaba Pepe do Castelo. Unha tarde que xa anoitecía, el e outros veciños viñan de visitar o fillo dun parente que estaba moi grave, internado nun hospital da vila. Ao pasar a costa de Ferrás, oíron unha asubiada longa e penetrante que os deixou paralizados. Os tres pensaron o mesmo. “Morreu Ramón”, que era o nome do hospitalizado. Efectivamente a fatídica noticia chegoulles ao pouco de chegaren á casa. Pepe do Castelo afirmaba que esa asubiada era, sen dúbida, a alma de Ramón que acababa de deixar o corpo e, antes de partir para o alén, quixo pasar polos lugares que máis quería para despedirse deles. As ánimas tamén podían mostrarse tal como foran amortallados os seus corpos. Así era a que se lle apareceu a unha

señora de Casal Novo cando estaba sachando no millo preto do monte Castelo. Acercóuselle un veciño tal como era de vivo, pero xa morrera había uns días. Ela, ao velo, dicíalle repetidamente “Váíase de aí señor Manolo”, que así se chamaba o aparecido, pero el non lle facía caso e seguía avanzando cara a ela, ata que esta, chea de medo, comezou a bater no sacho cunha pedra, ao tempo que dicía “Vaia con Dios, vaia con Dios”, varias veces. A ánima desapareceu subitamente e a señora fuxiu asustada para a casa sen rematar o traballo e tardou unha boa tempada en volver a aquela finca.

A compañía. Eramos nenos. Estabamos xogando e de súpeto a alguén ocorríasele gritar “Aí vén a compañía”. Todos corriamos ata achegarnos á porta dalgũa casa. Despois, como nos decatábamos de que non viña ninguén, botabámonos a rir. Esta escena podía ocorrer no Cruceiro, no Montinho, na Encrucillada ou en calquera outro sitio do lugar. Poucos veciños viron a compañía. Só algúns se atreven a dicir que a viron andar ou, se cadra,

voar polo Monte das Pías, por Remiseiro ou pola Costa Cega. Case todos coinciden en afirmar que era unha procesión de ánimas formando dúas filas, que levaban candeas acendidas, unha cruz e un caldeiro con auga bendita que previamente collían na igrexa. O que levaba a cruz adoitaba ser un vivo que se esmirraba pouco e pouco ata morrer. Por iso sempre estaba atento para pasarlla a outro vivo e así librarse da morte. Esta é unha das causas do medo á compañía, porque, se por un casual, unha persoa se vía coa cruz, xa a tiña clara. Pero os seus relatos non coinciden noutros aspectos. Uns din que a compañía sae ás doce da noite, outros a calquera hora sempre que sexa de noite. Hai quen a viu pasar en silencio e quen facendo rezos, laiándose a berros ou tocando unha campaiña. Tampouco hai unanimidade na aparencia das ánimas que, segundo uns son invisibles, mentres que outros víronas vestidas con roupas habituais, porque realmente son defuntos. Ninguén sabe certamente para que sae a compañía, pero disque vai ás casas para deixarlle o aviso de que unha persoa desa familia vai morrer.



○ **trasno**. O trasno andaba a facer ruído nos anoiteceres de agosto, detrás da casa de José o Coxo ata que descubriu que era un gato que saltaba desde o tellado rozando os baceiros da viña. O trasno foi o que segou o centeo de señora Carme unha noite de san Xoán en que o fillo e mais uns amigos se dedicaron a tal mester (para sorpresa de propios e estraños) na madrugada desa noite, que non foran á cama. O trasno tamén foi o que levou á señora Juanita a buscar a súa cabra que oíría bear de noite polos arredores da Xesteira. Despois de moito buscar, volveu desconsolada á casa e a cabra estaba no cortello.

En fin, o trasno era un ser burleiro, que podía adoptar formas variadas, aínda que para algúns invisible Astuto e malicioso, gozaba remexendo nas cousas, pero as súas falcatrúas non pasaban de molestos enredos. Era difícil librarse del, mais desaparecía co día ou coa simple luz dunha vela. Non estou moi seguro se o trasno era un ser do máis alá, pero podía selo

Había outros trasnos, rapaces revoltosos e fedellos, que facían trasnadas. Cortábanlle as tapas ás botas para igualar o piso; se a nai lles mandaba facer un bocadillo con medio chourizo, facíanlo con chourizo e medio para que non se notase; estragaban a cabezalla do carro cortándolle a parte final desgastada; poñían de noite, á beira do camiño, unha caveira de calacú acendida para asustar a xente que pasaba; ían ás mazás do veciño, aínda que as tivesen na casa; comíanlle o bocadillo ao compañeiro da escola e outras argalladas semellantes.

Outros seres imaxinarios

○ **arrancapinos**. Non hai dúbida de que o arrancapinos tiña que ser un xigante, pero seguramente un xigante bo. Non era moi popular e a xente pouco contaba del. Eu imaxinábao de costas a un piñeiro e coas mans agarrándoo polas ramas para arrincalo, facendo o seu propio lombo de punto de apoio. Esa imaxinación miña estaba xustificada porque nós xogabamos a arrancapinos. Poñíamonos dous nenos, un de costas ao outro, e enganchabámonos polos brazos. Ao abaixarse un cara adiante, o outro erguíase do chan ao tempo de dicíamos “arranca”; logo, ao voltar á situación inicial dicíamos “pinos”. Despois abaixábase o outro neno e así tantas veces como se quixese. Era divertido. Non hai moitos anos, un amigo díxome que o meu imaxinario do arrancapinos non era correcto, pois en realidade, o arrancapinos non arrincaba piñeiros (do latín “pinus”), senón penedos, palabra esta que, segundo el, deriva de pena, coa variante arcaica “pina”/“pino”, (do latín “pinna” -pedra-). Aí queda iso, por se a caso.

○ **pedro chosco** era o encargado de facer durmir os nenos. Facíalles aloumiños tan suaves que o neno relaxábase e durmía de contado. Ninguén o vía facer este traballo, nin tan sequera a nai que tiña o neno no colo. Iso non quita que a xente lle dese unha forma. Eu pensaba que se trataba dun home amable, de barba branca e voz agradable. Lembro expresións como “xa che vén o pedro chosco”, se bocexaba de sono, ou “Vai chamar o pedro chosco”, se aínda me vían moi esperto. Tamén lembro unha cantiga que sabía de pequeno, aínda que non sei seguro que ma cantasen a min:

Pedro chosco
e a langaña
andan xuntos a porfía.
Pedro chosco
anda de noite
a langaña anda de día.

As bruxas. As bruxas do meu imaxinario eran reais, pero non eran malas. Tampouco tiñan pauto co demo. Non secaban as colleitas, non enfermaban o gando nin ensumían a xente botándolle o mal de ollo. As bruxas que eu coñecín eran boa xente. Pobres si, pero traballadoras e honradas. Á señora Aurora lémbroa xa velliña, facía zapatillas e amañaba zocos. Tiña varias fillas que tamén se coñecían como as Bruxas. Unha andaba ao xornal e era moi faladora e agradable. Outra, malia ser algo xorda, falaba moi baixiño e lavaba roupa da vila. A terceira gañaba a vida asistindo na do Carranco. Ningunha delas tiña vontade de facer mal a ninguén ni a capacidade de andar voando enriba das vasoiras untadas de graxa de porco mesturada con po de rabo de lagarto. Tampouco tiñan poderes divinatorios nin máxicos para escorrentar males nin para curar enfermidades, polo que non eran meigas, nin feiticeiras, nin curandeiras. Non sei por que lles chamaban as bruxas, pero unha vez oín que a señora Aurora tiña o “libro de amortallar” e era requirida para facer fácil o pasamento das persoas agoniantes. Se cadra era por iso, pero amortallar un defunto non ten nada de bruxería.

Daquela, moita xente de entre nós ía ás bruxas que eu non coñecín, se cadra, levada por iso de “non creo nas bruxas, pero habelas, hainas”. Sen dúbida, atribuíndolles poderes imaxinarios que converten unha muller real en bruxa. Lembro persoas que non cito por discreción que, se tiñan unha doenza que duraba demais, se a sorte lles daba as costas ou se se levaban mal cun veciño ou familiar, acudían a unha bruxa buscando unha solución: un remedio máxico, protección contra o mal de ollo ou un meigallo contra o inimigo.